

***Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, do 1 de xuño de 2020, pola que se amplía o prazo de presentación de traballos ao II Concurso de Podcasts – Radio na biblio, destinado a centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en colaboración coa Radio Galega (CRTVG), no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe).***

Con data 13 de febreiro de 2020, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a través da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, facía pública a convocatoria do II Concurso de Podcasts-Radio na biblio, en colaboración coa CRTVG (a través da Dirección da Radio Galega), co gallo da dedicación do Día das Letras Galegas de 2020 ao filólogo e escritor Ricardo Carvalho Calero, destinado aos centros públicos integrados no programa Radio na Biblio con extensión a outros centros de titularidade da consellería que traballan xa coa radio como ferramenta pedagóxica, co fin de estimular, por unha banda, a valoración da lingua galega e, por outra, reforzar a lectura de dous xéneros literarios aos que Carvalho Calero dedicou parte da súa obra: a poesía e o teatro. O prazo de presentación de traballos a este certame remataba o 25 de abril, coa previsión de difusión dos podcast premiados en torno á celebración do 17 de maio.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 á categoría de pandemia internacional; e o artigo 9 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE núm. 67, do 14 de marzo), suspendeu a actividade educativa presencial en todos os centros e etapas, ciclos, graos, cursos e niveis de ensinanza contemplados no artigo 3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Entre as medidas adoptadas como consecuencia do estado de alarma, atopáronse tamén fortes restricións á liberdade de circulación de persoas.

Ademais, a disposición adicional terceira do citado Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, en materia de prazos, dispoñía o seguinte:

*“1. Suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o presente real decreto ou, de ser o caso, as súas prórrogas.*

*2. A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*...”*

A suspensión da actividade educativa presencial impediu que a maioría do profesorado e alumnado puidera elaborar os produtos radiofónicos para poder presentalos ao concurso.

O Real decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo (BOE núm. 145, do 23 de maio), dispón no artigo 9 a reanudación do cómputo dos prazos administrativos que estaban suspendidos con efectos do 1 de xuño de 2020.

Por outra banda, e nesta situación provocada pola COVID-19, a Real Academia da Lingua Galega comunicou o traslado ao día 31 de outubro de 2020 do Pleno do día das Letras Galegas adicado ao citado autor, e tamén pospuxo diferentes actos presenciais á volta do verán, prolongando, deste xeito, a celebración do ano Carvalho Calero ao longo do último cuatrimestre do 2020.

Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, que coordina as intervencións da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en materia de bibliotecas escolares e



fomento da lectura, e da que depende tamén a iniciativa “Radio na biblio”, dispón as seguintes modificacións á convocatoria inicial do 13 de febreiro de 2020:

**Apartado 1: Prazo para a presentación de traballos ao II Concurso de Podcasts-Radio na biblio.**

Amplíase o prazo para a presentación de solicitude de participación e do resto da documentación recollida nas bases deste concurso, incluídas na Resolución de 13 de febreiro de 2020, ao **10 de outubro de 2020.**

**Apartado 2. Emisión dos podcasts premiados.**

1. Os podcasts premiados serán emitidos pola Radio Galega; á súa vez, serán difundidos a través da páxina web da Radio Galega e da canle dixital do Diario Cultural. Así mesmo, recibirán difusión a través dos medios web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (web de Bibliotecas Escolares de Galicia e outros).
2. Emitiranse entrevistas aos gañadores na programación da Radio Galega nas datas que estipule este organismo en coordinación cos centros.

Santiago de Compostela, (*sinatura dixital*)

O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

*José Manuel Pinal Rodríguez*

